

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 18 DE MARZO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaoito de marzo de 2026, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e a interventora xeral municipal en funcións, dona María Concepción Castro-Gil Iglesias, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a prórroga do contrato correspondente a xestión do servizo público de transporte regular de viaxeiros na modalidade de concesión no Concello de Lugo asinado o 18 de marzo de 2016. Exp. ref. 2022/C009/000001.

Tamén se acorda a aprobación do prego técnico e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada na contratación da subministración - arrendamento sen opción de compra- de seis vehículos patrulla para a policía local. Exp. ref. 2026/C004/000004.

Do mesmo xeito, acórdase a primeira prórroga do contrato dende o 28/04/2026 ata o 27/04/2027 na contratación da subministración de flores, plantas de tempada e outros produtos de xardinería para o recinto cemiterio de San Froilán. Exp. ref. 2025/C004/000004.

Acórdase a exclusión de licitadores e declaración de deserto no expediente de contratación da subministración de un camión-cesta-grúa elevadora de 18 metros para servizos eléctricos de medio rural. Exp. ref. 2025-C004-000045.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac4646926448336094019.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-3-2026

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de obra, do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e apertura do procedemento aberto simplificado na contratación da obra de mellora da pavimentación no núcleo rural de Castro Conturiz - San Amaro na parroquia de San André de Castro e a apertura do procedemento de adxudicación. Obra incluída no Plan da Deputación de Cooperación cos Concellos 2025 e a. Exp. ref. 2026/C002/000002.

Do mesmo xeito acórdase a primeira prórroga dende o 14/05/2026 ata o 13/05/2027 na contratación da subministración de pan fresco do día e outros produtos de panadería (empanadas) para as instalacións municipais Fogar do Transeúnte (albergue municipal). Exp. ref.: 2025/C004/000012.

2. FOMENTO.- Acórdase a aprobación dun convenio de colaboración entre a Universidade da Coruña e o Concello de Lugo para a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares do alumnado da Universidade da Coruña.

Acórdase a aprobación do convenio entre a Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. e o Concello de Lugo sobre o financiamento, execución e entrega das actuacións de restauración ambiental e protección fronte a inundacións do Río Rato en Lugo (Lugo). PDM Miño-Sil.

Tamén se aproba a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións; celebración do 25º aniversario da declaración como patrimonio mundial pola Unesco da Muralla Romana de Lugo; no Concello de Lugo, ano 2025.

3. PERSOAL.- Acórdase adiar a aprobación das bases específicas para o acceso en propiedade de 11 prazas de bombeiros/as condutores/as pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OEP 2025), para un mellor estudo.

Tamén se acorda a aprobación das bases que rexerán o concurso para a provisión do posto de xefe/a do servizo de licenzas no Excmo. Concello de Lugo.

Acórdase declarar deserta a cobertura por libre designación da provisión do posto de secretaría de alcaldía.

Tamén se acorda a desestimación do recurso de alzada interposto contra a resolución ditada polo tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a catro prazas de auxiliar administrativo/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre (OEP 2023).

Do mesmo xeito, acórdase declarar deserta a cobertura, en comisión de servizos do posto de xefe/a de grupo de facenda local do Excmo. Concello de Lugo.

Acórdase declarar deserta a cobertura, en comisión de servizos do posto de administrativo/a no servizo de contratación no Concello de Lugo.

Tamén se acorda a subsanación do erro no acordo 9/81 bases específicas para a convocatoria específica por concurso-oposición dunha bolsa de traballo na categoría de técnico/a especialista en estratexias urbanas financiadas con fondos Feder (grupo A1) - funcionario/a interino/a, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 4 de marzo de 2026.

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

4. PLANEAMENTO.- Acórdase a aprobación inicial do proxecto de urbanización do sector de solo urbanizable delimitado S-16.R.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

5. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase aprobar a solicitude subvención destinada á cofinanciación do mantemento de axentes locais de innovación por parte dos concellos das cidades membros da Rede Innpulso - ano 2026.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac4646926448336094019.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18-3-2026

ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

6. EDUCACIÓN.- Acórdase a aprobación das bases da convocatoria de subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de libros de texto e material educativo no segundo ciclo de educación infantil para o curso escolar 2026-2027.

7. CULTURA.- Acórdase adiar para un mellor estudo o informe proposta de toma de coñecemento da omisión da función interventora, relativo á factura presentada pola actuación do grupo Loita Armada o 07.06.2025 no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, con motivo do festival de Adegas 50 anos cuidando a terra.

Tamén se acorda adiar para un mellor estudo o informe proposta de toma de coñecemento da omisión da función interventora, relativo á factura presentada polo concerto de Uxía Lambona e a Banda Molona o 07.06.2025 no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, con motivo do festival de Adegas 50 anos cuidando a terra.

Fóra da orde do día

- Aprobación do Plan de Autoprotección (PAU) para o Auditorio Fuxan os Ventos

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.